



2019, “Outbreak: Epidemias nun mundo conectado”, do Smithsonian National Museum of Natural History

O Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela acollerá nas súas salas a partir do xoves 12 de decembro a exposición “Outbreak: Epidemics in a connected World” (Abrochos: Epidemias nun mundo conectado), organizada polo Smithsonian National Museum of Natural History (Washington DC, EE.UU.), en colaboración con diversas entidades internacionais. Esta exposición contou coa financiación da American Society for Microbiology e a colaboración do Concello de Santiago de Compostela e a propia USC.

A exposición pretende divulgar a importancia da investigación en microbioloxía explicando á cidadanía, nunha linguaxe moi sinxela, como os factores humanos, animais e ambientais contribúen á expansión dos brotes (outbreaks) epidémicos nun mundo globalizado, onde os axentes infecciosos se moven libremente entre fronteiras.

Os paneis informativos agrúpanse en torno a catro temas: a orixe dos abrochos (como se produce a transmisión das enfermidades dos animais ás persoas e os factores que contribúen á súa propagación); como frear a súa propagación (análise dos factores que poden diminuír os riscos dos abrochos epidémicos); a detección, resposta e contención (interacción das persoas que traballan en diferentes campos para identificar e controlar a propagación de enfermidades potencialmente perigosas), e os perfís das enfermidades, pois é preciso que os individuos e as comunidades coñezan a propagación, o tratamento e a prevención de zoonose tan importantes como o Évola, a tuberculose e a influenza.



Inauguración

12 de decembro de 2019 ás 19:00 h

Museo de Historia Natural da USC

Parque de Vista Alegre, s/n.

Santiago de Compostela